

AXUDAS PARA OS LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR 2021/22

Segundo a ORDE do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2021/22 (código de procedemento ED330B).

- A) **FONDO SOLIDARIO** de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.
Para acceder ao fondo solidario deberán devolver antes do 22 de xuño os libros recibidos do fondo solidario no curso 2020/21, quedando excluído desta devolución o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria.
- B) **AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS** de texto para o alumnado matriculado en 1º, 2º de Educación Primaria e en EE, tamén aquel alumnado de NEAE que a xuízo do centro docente non poida empregar o material didáctico existente no colexio.
- C) **AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR** destinadas ao alumnado de EP, ESO e EE.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: os modelos de solicitude obteranse por vía electrónica na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) e unha vez cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude e posteriormente optarán por dúas formas de presentación:

- 1- Presentación no centro: imprimir solicitude e o anexo II, asinala e entregala coa documentación acreditativa.
- 2- Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://www.sede.xunta.gal>)

PRAZO DE PRESENTACIÓN: ata o 22 de xuño.

A renda per cápita da unidade familiar a ter en conta será a do exercicio 2019, sumaranse os recadros 435 e o 460 e dividirase o resultado entre os membros computables da unidade familiar.

Art. 24.3. Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de enmenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación ou por non ter devolto os libros de texto recibidos do fondo solidario adquiridos con axuda no curso 2020/21.

Mais información na secretaría do centro e no portal educativo da Xunta de Galicia, <https://www.edu.xunta.gal>, na páxina web do centro e nos teléfonos do colexio.

INFORMACIÓN FONDOS LIBROS 2021/22

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Formulario ED330B (ANEXOS I E II)
- Declaración da renda do exercicio fiscal 2019

Renda per cápita: $\frac{\text{recadro 435} + \text{recadro 460}}{\text{n}^\circ \text{ membros da unidade familiar}}$

*Os membros computables da unidade familiar acreditaranse mediante copia do libro de familia, sentenza xudicial (de ser o caso), certificado de convivencia ou informe dos Servizos Sociais. Con data de referencia 31 de decembro de 2019.

* Cando non se presente declaración, deberán facilitar e teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria mediante un certificado de imputacións.

- Certificado do grao de discapacidade, se é o caso.
- Copia DNI ou NIE do solicitante.
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figuren o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.

PRAZOS DE ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN NO CENTRO:

- Devolución dos libros do curso 2020/2021: ATA O 22 DE XUÑO
- Presentación de solicitudes: ATA O 22 DE XUÑO
- Publicación do listado provisional: 9 DE XULLO
- Reclamacións: 12 E 13 DE XULLO
- Publicación de listado definitivo: 15 DE XULLO

OBRIGAS:

- Ter devolto os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2020/2021.
- Conservar en bo estado os libros de texto e material reutilizable.
- Destinar o importe do vale a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

As familias que decidan optar pola entrega presencial poden facelo no horario de atención do Equipo Directivo, disponible na web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxoquinloriga/>